

¡Patacas! Os homes de aceiro do Riosil eran patacas. Patacas recocidas. Cada vez que o barco se achegaba a porto, sentíanse invadidos por unha marea de puré untuoso e mesto que lles aferrollaba o padal.

Non había xesto de cansanzo ou resignación nos seus rostros. Era algo aínda peor: vultos fofos e inútiles a vagabundearen pola cuberta agarrados con desespero á última cabicha da marea.

A parva fumegaba nos beizos resecos pola salitre, mentres o cociñeiro botaba ás gaivotas e ós mascatos o refugallo da caldeirada. Carne de naufraxio, aperitivo de arroás cobizosos, eles, os condenados ás galeras eran as patacas daquel guiso de miolos derretidos: mancha graxenta na tona tranquila das augas, merda para alimentar este mar de merda; ¡bule axiña!, ¡oxalá fose esta a derradeira marea! ¡Oxalá fose a derradeira!

Semellaban estatuas de pataca, bonecos de neve embutidos nos escuros plásticos da roupa de augas, tubérculos tuberculosos, podres por dentro, amarrados ós sacos do quiñón: trece montóns de peixe ciscados pola cuberta.

O Cheri ía sacando canastros da neveira. Durante dezasete días gardara entre padas de neve os mellores exemplares de rapante e pescada, nos casilleiros de proa, divididos por panas de madeira cacarañadas, a pique de rebentar e desembutirse dos galiotes.

Entres as panas de proa, O Cheri gardaba o peixe fino e delicado: as pescadas brillantes, os galos de area, a escasa maruca ou algún bacallau ou rodaballo despistados. A bastina, o peixe máis resistente, aloxábase nos pozos do chan. O Cheri destinaba un pozo para o peixe de goma: choco, lura, polbo; e outro pozo para o peixe de coiro: marraxo, espada, sevillano, fogoneiro.

No Riosil, como en toda a frotiña pesqueira, a bastina non entraba nos proveitos dos mariñeiros. Era o seu privilexio apartar para o lote o mellor da marea.

No camiño de volta, ¡que se foda O Tantarantán!, O Cheri furtaba da neve granizadas as máis soberbias pezas de cobre e prata, amontoándoas entre os vimbios con toda a suavidade que as súas manazas lle deixaban.

—Esta para miña nai —pensou O Cheri. E, apartando a mellor das pescadas, deu un berro polo buraco do escotillón:

—¡Vai canastro!

O maquinillo xirou lenemente, o contramestre colleu con firmeza as asas de vimbio recosidas con arame e tirou cara a el da cesta acugulada.

—Como sexan de máis de dous quilos, ¡volven todas á neveira! —amagou o patrón dende a ponte.

Chiño, o contramestre, foi repartindo as pezas ó chou nos trece montóns da cuberta. A xente ollaba espaxada por alí mesmo, coma se non fose con eles a cerimonia dos pans e dos peixes.

Iguala-las trece partes do quiñón non era tarefa doada. Chiño sopesaba cada pescada colléndoa do canastro coas mans enluvadadas. Os grises vultos de puré non perdían detalle.

—Esa vai esmagada.

—Esmagado estarás ti. Se non a queres, lévoa eu.

—Se me toca ese quiñón, eu non o levo.

Apareceu Cristovo, o motorista, exercendo autoridade. Traía no puño uns papeliños, numerados do un ó trece, e foinos colocando en cada montón, empapándoos nas escamas xelatinosas dos rapantes. Os vultos fumaban a modo e asentían indiferentes. De cando en cando, un deles cuspiá sobre das táboas e o vaivén das ondas levaba o lapo antes que el puidese restregalo contra a cuberta coa sola da bota.

Os homes de máquinas falaban entre eles. Os de máquinas só subían á cuberta para presenciaren o reparto do quiñón, fóra de Xaquín O Andaluz, o engraxador, dez anos nas caldeiras, xordo coma un cesto. Xaquín sorría de orella a orella e, como unicamente comía peixe, acudía ó lance cando estaba franco de garda, a buscar media ducia de acedías ou unha maruca. Un caprichiño para o xantar...

Riosil. A marea do Gran Sol

Valentín Carrera, 1990

www.valentincarrera.es